



Servizo de Organización Académica

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Asunto:** Inclusión da mención de Premio Extraordinario (P.E.) nos títulos universitarios oficiais correspondentes a titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Téndose recibidas solicitudes para a inclusión da mención do P.E. nos títulos de Grao, tal e como se viña facendo cos títulos universitarios correspondentes á ordenación académica anterior, infórmoo de que o RD 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición dos títulos universitarios oficiais, que corresponden aos estudos regulados polo RD 1393/2007, do 29 de outubro e polo RD 99/2011, do 28 de xaneiro, non prevé a inclusión da mención do P.E. nestes, así como tampouco no modelo de Suplemento Europeo ao Título (SET) establecido para ditos títulos no Anexo XII.A do citado real decreto.

Habida conta do exposto, indícolle o seguinte:

- 1.- A tramitación correspondente ás solicitudes de inclusión do P.E. seguirá sendo a mesma para os títulos universitarios da ordenación académica anterior.
- 2.- Non se tramitarán solicitudes de inclusión da mención do P.E. para os títulos adaptados ao EEES.

A Coruña, 14 de maio de 2014  
O xefe do Servizo de Organización Académica

  


Asdo. Víctor Manuel Cabrera Sánchez

Administradores/as de Centros  
Xefa da Sección de Doutoramento  
Xefa da Sección de Títulos